



PLAN DE IGUALDADE 2020-2021

COLEXIO CASA DE LA VIRGEN. CANGAS



1. INTRODUCCIÓN:

O obxectivo xeral deste Plan é tratar de proporcionarlle a toda á comunidade educativa e aos nosos rapaces en particular, unha ferramenta que lles permita acabar coa desigualdade en materia de xénero. Non debemos esquecer que a igualdade non é a eliminación das diferenzas senón a ausencia de discriminación pola existencia desas diferenzas. Por todo isto pensamos que neste centro queremos educar nos valores da Igualdade, a Paz, a Cooperación e a Solidariedade para ser coherentes co noso carácter propio.

A elaboración é responsabilidade do Equipo Directivo pero conta coa colaboración do Departamento de Orientación e dos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica que será os encargados do seguimento das actuacións proxectadas nel e que serán concretadas no Plan de Acción Titorial e nas



diferentes programacións do curso. Para todo isto traballárase de maneira coordinada entre as diferentes áreas e ámbitos escolares. Será todo o claustro o que aprobe e desenvolva cada unha das actuacións contempladas neste plan.

Na actualidade todas as actuacións relacionadas coa coeducación están concretadas no Plan de Convivencia e no Plan de Acción Titorial anual.

2. CONTEXTUALIZACIÓN. NORMATIVA VIXENTE:

MARCO NORMATIVO:

- A Constitución española de 1978
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

3. ANALISE DA SITUACIÓN ACTUAL DO COLEXIO EN MATERIA DE IGUALDADE.

No noso **Plan de Convivencia** actualizado no curso 2015-2016 aparece como falta grave ou moi grave toda conduta ou falta de respecto relacionada coa desigualdade entre alumnos e alumnas e sustentadas en crenzas, prexuízos, ou tradicións ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. Tampouco permitimos ningunha forma de machismo e de misoxinia que poidese existir no seo da comunidade escolar especialmente entre nenos, nenas e adolescentes.

A igualdade entre homes e mulleres está presente nas actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

Seguiremos aplicando os **diferentes protocolos deseñados pola Xunta de Galicia** e publicados no portal de educonvives como o "Protocolo Educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero".



Dende hai anos participamos de forma activa nas diferentes **Actuacións e proxectos do Concello de Cangas**:

- Participación nos actos do día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Organizados polo CIM, para facer visible a nosa denuncia sobre a existencia deste grave problema socio-político que está aloxado nas estruturas da nosa sociedade e que lonxe de minorarse, medra e adopta diversas formas de expresión.
- Participación dos alumnos de 3º ou 4º ESO en Obradoiros específicos sobre Violencia de Xénero, organizados polo CIM de Cangas.
- Charlas sobre Coeducación e Identidade Sexual para os alumnos de 5º e 6º de EP e os alumnos de ESO. Organizados polo Concello de Cangas e diferentes asociacións.

Participación no **Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nas súas contornas**. Este Plan está impulsado desde a Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación e ofrece aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; estas charlas son impartidas por persoas expertas das Forzas e Corps de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).

O Plan de Acción Titorial Anual ten como principios fundamentais:

- Promover actividades que fomenten a convivencia e a integración.
- Detectar, previr e axudar nas dificultades que poidan afectar á diversidade do alumnado do grupo
- Ensinar ao alumnado a aceptar a súa propia identidade e favorecer o seu autoconcepto e autoestima.
- Favorecer e desenvolver a afectividade.
- Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais.
- Aprender a desterrar actitudes e comportamentos de intolerancia.

Para dar resposta a estes principios ao longo do curso os diferentes titores, xunto coa orientadora, realizan diferentes actividades de tutoría reflectidas no organigrama anual do PAT. En concreto como mínimo una vez o trimestre realizaranse actividades de tutoría relacionadas coa igualdade e que se reflicten no punto cinco deste Plan.

En referencia ao **Plan de Orientación Educativa e Vocacional (POEV)**: tódalas actividades de orientación académico- profesional levadas a cabo pola orientadora evitan calquera tipo de discriminación, segregación profesional horizontal e vertical, facendo visible os alumnos/as as desvantaxes de partida que afectan o colectivo das mulleres nalgúns ámbitos e promocióuna unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

Neste curso 2020-2021 á Comisión dentro do Claustro encargada do cumprimento dos obxectivos propostos a continuación, e encargada de organizar as diferentes actividades deste plan; tamén se nomeouse unha persoa responsable en materia de Igualdade no Consello Escolar; serán os seguintes:



Membros da Comisión de Igualdade (Equipo de traballo curso 20-21)

- Raimundo Santomé Martínez (Director e responsable en materia de igualdade no Consello Escolar).
- Inmaculada Pérez Aparicio (Orientadora)
- Nuria Vilas Piñeiro (Profesora de E I e E.P.)
- Sandra Pérez González (Profesora de ESO e Bacharelato)

Este plan propón os seguintes obxectivos que están implícitos nas propostas de programación para os diferentes cursos de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Obxectivo xeral:

Desenvolver prácticas educativas que identifiquen os estereotipos sexistas existentes nos diferentes ámbitos da Comunidade Escolar e da sociedade e que promovan a súa eliminación, de xeito que favorezan en nenas e nenos un desenvolvemento personal satisfactorio e unha convivencia pacífica e igualitaria con valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre ambos sexos e que se traslade ao resto da sociedade.

Obxectivos específicos:

- a) Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalezan no colexio e modificalas.
- b) Sensibilizar ao profesorado da necesidade de realizar cambios que permitan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- c) Introducir conceptos, procedementos e actitudes relativas á igualdade de oportunidades, á conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- d) Previr a violencia dende as idades máis temperás.
- e) Axudar e ensinar á resolución de conflitos sen violencia.
- f) Desmitificar as tarefas femininas e /ou masculinas.
- g) Educar na empatía.
- h) Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.
- i) Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, homes e mulleres, que permita evitar e corrixir as discriminacións que delas se derivan.
- j) Revisar e actualizar a biblioteca que temos en materia de coeducación e crear unha videoteca sobre o tema.
- k) Crear un espazo na web do centro con todo o referente ás actuacións do Plan de Igualdade.
- l) Consolidar unha linguaxe escrita coeducativa en todo os documentos do centro: cartas e comunicados, cartelería, boletín, programacións...



m) Fomentar unha linguaxe oral na que se inclúan ambos sexos na que non existan prexuízos sexistas á hora de nomear tarefas domésticas, profesións... e en xeral estereotipos que seguen inmersos na linguaxe cotiá. Corrixir no posible este déficit que puidera existir nos libros de texto e materiais curriculares.

n) Poñer un tablón de coeducación.

o) Facilitar a utilización igualitaria de espazos nos recreos.

p) Concienciar sobre a problemática da violencia de xénero como unha responsabilidade social creando un plan de prevención que involucre a toda a comunidade educativa para previr a violencia de xénero e todo tipo de violencia establecendo medidas de actuación.

q) Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas, que lles aporten experiencias novas, desenvolvan as súas habilidades e amplíen as súas capacidades.

r) Educar os nenos/as para que compartan e se responsabilicen por igual nas tarefas familiares e sociais, orientándoos cara á colaboración e o intercambio entre as persoas.

s) Traballar un conto coeducativo mensual, proposto polo coordinador/a, para promover a igualdade e mellorar o desenvolvemento afectivo- sexual do alumnado.

t) Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero

u) Realizar un protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Traballaranse actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe sexa significativa. Partirase das propias experiencias do alumnado, da contorna e do fogar.. Para isto intentarase favorecer a comunicación familia-colexio e realizaranse actividades baseadas na experiencia familiar e na convivencia escolar; para poder xeneralizar este aprendizaxe á vida en sociedade.

Tipos de actividades

Actividades nas titorías: os titores/as realizarán ao longo do curso diferentes actividades programadas polo/a responsable de coeducación en colaboración coa orientadora, para sensibilizar o alumnado de forma transversal.

Todas estas actividades serán organizadas por etapas educativas e no seu desenvolvemento colaborará toda a comunidade educativa. Os programas das diferentes actividades marcadas están a disposición do profesorado (materiais, procedemento...), xa que a coordinadora ás enviará o principio de cada trimestre áos os titores para que se pidan organizar e levalas á práctica.

Nivel Educación infantil:

TRIMESTRE	CURSO	OBXECTIVOS	ACTIVIDADE
1º trimestre 20 de novembro 2020	4º, 5º e 6º EI	Conmemorar, “ Día universal da infancia ” Coñecer os dereitos fundamentais que teñen os nenos/as.	Dereito á vida en familia: “ A árbore familiar ” Dereito á identidade “ O rexistro civil ”



COLEGIO CASA DE LA VIRGEN

PLURILINGÜE CANGAS

1º trimestre 25 novembro 2019	5º e 6º EI	Celebración do “Día do Amor e o Respeto” Traballar os valores familiares do respecto, a non violencia e o amor como forma de relacionarse	Obradoiro de contos sobre igualdade. “Ni un besito a la fuerza” Ed: Maite Canals. Asamblea sobre a non violencia
1º trimestre Campaña de Nadal	4º, 5º e 6º EI	Asumir con normalidade o uso dos distintos xoguetes, independentemente do xénero para evitar que os nenos proxecten unha construción de xénero estereotipada. Non asociar o color co xénero	Actividade: “Con qué queres xogar?”
2º trimestre 30 de xaneiro 2020	4º, 5º e 6º EI	Ensinanza de diferentes modos de expresar afecto entre o grupo de iguais, de amigas e amigos, familiares...	Dramatizacions: “Expresamos afecto” Esta actividad require de varias sesións
2º trimestre 8 de marzo de 2021	4º, 5º e 6º EI	Celebrar o “Día da muller”. Analizar a figura da muller na familia e na sociedade.	Confeccionar unha “tarxeta de felicitación para nais e avoas”.
3º trimestre	4º, 5º e 6º EI	Ensinar a nenos/as a desenvolver conductas e habilidades que lles permitan vivir libres de violencia.	Realizar xogos coeducativos. “Sillas musicais” “Abrazos musicais” “Afecto non-verbal”
3º trimestre 23 de abril 2021	4º, 5º e 6º EI	Celebrar o “Día do libro”.	Obradoiro de contos sobre igualdade:: “¿ Las princesas usan botas de montaña?”
3º trimestre	4º, 5º e 6º EI	Saber identificar as tarefas que se realizan no traballo doméstico Distinguir os roles das persoas no fogar	Fichas : “Xogamos con recortables”

Nivel de Educación Primaria:

TRIMESTRE	CURSO	OBXECTIVOS	ACTIVIDADE
1º trimestre 25 de novembro 2020	1º e 2º EP	Conmemorar, “Día universal da infancia” Coñecer os dereitos fundamentais que teñen os nenos/as.	Dereito á diversión e o aprendizaxe: “A que xogamos no patio” Dereito á liberdade “Os paxaros”
	3º e 4º EP	Conmemorar, “Día universal da infancia” Coñecer os dereitos fundamentais que teñen os nenos/as.	Dereito á participación na comunidade “O periódico: actividades para nenos/as no Concello” Dereito á saúde, o coidado e a protección (intimidade) “Coidamos o noso corpo”
	5º e 6º EP	Conmemorar, “Día universal da infancia” Coñecer algunhas organización ONG que ocupanse das súas necesidades	Traballo de investigación - exposición sobre diferentes ONG (locais)



1º trimestre 25 novembro 2020	1º e 2º EP	Celebración do “Día contra a violencia de xenero” Dereito da muller a unha vida libre de toda forma de discriminación.	Obradoiro de contos sobre igualdade: “Rosa Caramelo” Ed: Kalandraka
	3º e 4º EP	Celebración do “Día contra a violencia de xenero” Dereito da muller a unha vida libre de toda forma de discriminación. Dereito da muller a ser valorada e non ser educada en patróns de comportamento basados en concepos de inferioridade e subordinación	Obradoiro de contos sobre igualdade: “cuento de Arturo y Clementina” Ed: Lumen Mural: “Un paraugas diferente”
	5º e 6º EP	Celebración do “Día contra a violencia de xenero” Analizar os distintos tipos de violencia e o porque se celebra este día Explicar el significado de la campaña del lazo morado implicando á familia	“Violencia de Xénero Que sabemos?” Buscar noticias , artigos, videos ou carteis publicitarios relacionados coa violencia de xénero Mural : “A muller co vestido morado”
1º trimestre Campaña de Nadal	1º e 2º EP	Asumir con normalidade o uso dos distintos xoguetes, independentemente do xénero	“Nin mellores nin peores, so imos xogar”
	3º, 4º 5º e 6º EP	Asumir con normalidade o uso dos distintos xoguetes, independentemente do xénero para evitar que os nenos proxecten unha construción de xénero estereotipada.	“ A carta os reis Magos” “Juguetes si pero no sexista”: “Clasificación de xoguetes”; “Análisis de xoguetes”; “Os videoxogos”
2º trimestre 30 de xaneiro 2021	1º e 2º EP	Ensinanza de diferentes modos de expresar afecto entre o grupo de iguais, de amigas e amigos, familiares...	“Stop- besito”
	3º e 4º, 5º e 6º EP	Entender o espacio privado de cada persoa. Desenvolver unha actitude de tolerancia e respecto hacia os outros	“ Este é o meu circulo!”
2º trimestre 8 de marzo de 2021	1º e 2º EP	Celebrar o “Día da muller”. Analizar a figura da muller na familia e na sociedade.	Obradoiro de contos sobre igualdade: “ Una feliz catástrofe” Ed: Kalandraka “Unha muller importante na miña vida “
	3º e 4º EP	Celebrar o “Día da muller”. Analizar o empoderamento das mulleres	Traballo de investigación e exposición: “ As mulleres científicas e inventoras”
	5º e 6º EP	Celebrar o “Día da muller”. Analizar a figura das mulleres como motor de cambio social.	Traballo de investigación e exposición: “ As mulleres Premio Nobel da Paz”
3º trimestre	1º , 2º , 3º	Aprender a valorar os aspectos positivos de cada	“ As gargantillas da amizade”



	e 4EP	compañeiro. Facelo con frecuencia e por iniciativa persoal. Traballar a autoestima e o amor propio	
	5º e 6º EP	Ensinar a diferenciar o que é unha ameaza e unha petición , xa que poden parecerse. Coñecer o dereito a negarse a facer algo que non se quere baixo ameazas.	"Petición ou ameaza
3º trimestre 23 de abril 2021	1º e 2º EP	Celebrar o "Día do libro" . Identificar as diferencias entre nenos e nenas. Afianzar a súa identidade sexua e ofrecer modelos de identificación desde un punto de vista emocional.	Obradoiro de contos sobre identidade sexual: "Rizitos de oso" Ed:
	3º e 4º EP	Celebrar o "Día do libro" . Afianzar a súa identidade sexua e ofrecer modelos de identificación desde un punto de vista emocional.	Obradoiro de contos sobre identidade sexual "La historia de los Bonobos con gafas" , ed. Kalandraka
	5º e 6º EP	Celebrar o "Día do libro" . Analizar os atributos concedidos tradicionalmente ós persoaxes dos contos tradicionais	Cuento: "¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?" , Ed. Thule
3º trimestre Maio 2021	1º e 2º EP	Desmitificar os roles de xenero unidos as diferentes profesións .	"Qué quero ser de maior?"
	3º 4º 5º e 6º EP	Saber identificar as tarefas que se realizan no traballo doméstico Distinguir os roles das persoas no fogar	"Como cuidamos a casa?"

Nivel de ESO:

TRIMESTRE	CURSO	OBXECTIVOS	ACTIVIDADE
1º trimestre 14 de novembro 2020	1º ESO	Entender o espazo privado de cada persoa (uns necesitan mais que outros). Desenvolver unha actitude de tolerancia e respecto hacia o outro. Percatarse do reparto de tarefas e traballos na familia. Concienciarse de que os traballos da casa son como outro traballo, pero que non está remunerado.	Actividade: "Este é o meu ciculo!" Actividade: "As responsabilidades"
	2º ESO	Detectar situacións sexistas. Encontrar solucións os posibles contraargumentos para estas situacións. Detectar as actitudes peiorativas que están	Actividade: "Andrea" Actividade: "Os insultos"



		inmersas na nosa sociedade, como son os insultos. Traballar a diferenza entre o insulto ea apreciación.	
	3º ESO	Completar o concepto de violencia de xénero con conceptos complementarios. Entender que se tratase dun concepto moi complexo, que ten moitas causas e consecuencias.	Actividade: “Relación de Ideas” Actividade: “Preconceptos”
	4º ESO	Darse conta das diferenzas entre homes e mulleres. Facer saber que calquer traballo é apto para calquera sexo. Resaltar que os traballos de casa son tamén un traballo. Comparar a opinión da xente da rua coa propia. Percatarse do alcance que teñen os prexuízos actuais.	Actividade: “O meu traballo I “ Actividade: “O meu traballo II “
1º trimestre 20 de novembro 2020	1º e 2º ESO	Conmemorar, “ Día universal da infancia ” Coñecer os dereitos fundamentais que teñen os nenos/as. Reflexionar sobre o incumplimento de estes dereitos e sobre as inxustizias que están presentes en moitos lugares en desigualdade de condicións	Actividade: “ Un día para xerar ilusións”
	3º e 4º ESO	Conmemorar, “ Día universal da infancia ” Coñecer os dereitos fundamentais que teñen os nenos/as. Fomentar o voluntariado.	“Traballo de investigación-exposición” sobre diferentes ONG (locais)
1º trimestre 25 novembro 2020	1º ESO	Celebración do “Día contra a violencia de xenero” Reflexionar sobre os personaxes tradicionais dos contos invertindo os roles. Traballar valores como a igualdade de xénero, as situacións de abuso no ámbito familiar, o rechazo social, a autoestima...	Videocuento: “El príncipe ceniciento”
	2º ESO	Celebración do “Día contra a violencia de xenero” Analizar o porque se celebra este día e Analizar os distintos tipos de violencia	Traballo de investigación – exposición “A historia das hermanas Mirabal”
	3º ESO	Celebración do “Día contra a violencia de xenero” Desmontar as falsas creencias sobre este tipo de violencia dentro da sociedade actual poñendo exemplos cercanos	Actividade: “Mitos e falsas creencias sobre a violencia contra as mulleres”



2º trimestre 4 de febreiro 2021	1º ESO	Entender que é preciso solucionar os problemas antes de que sexa demasiado tarde, que no fai falta esperar. f Saber onde temos nosos límites de aguante.	Actividade: “ Un pouco mais”
	2º ESO	Entender que cada persoa ten unha parte que é sua e, que ningunha persoa pódella quitar, aunque sexa a súa parella. Ter respecto pola outra persoa e polo seu espazo vital.	Actividade: “ O Tesouro”
	3º ESO	Detectar os prexuízos sexuais que existen actualmente. Abrir a mentalidade a novas options e ideas.	Actividade: “ Garaxe Mireia”
	4º ESO	Darse conta das dificultades que teñen as mulleres para encontrar traballo, polo simple feito de ser mulleres. E que este tipos de discriminación feminina existe.	Actividade: “ O mundo o revés”
2º trimestre 10 de marzo de 2021	1º ESO	Celebrar o “ Día da muller ”. Analizar a figura da muller na familia e na sociedade.	Traballo de investigación e exposición: “As mulleres e a Ciencia”
	2º ESO	Celebrar o “ Día da muller ”. Analizar a figura da muller na familia e na sociedade	Traballo de investigación e exposición: “As mulleres mariscadoras- conserveiras”
	3º ESO	Celebrar o “ Día da muller ”. Analizar a figura da muller na familia e na sociedade	Traballo de investigación e exposición: As mulleres e o Deporte “
	4º ESO	Celebrar o “ Día da muller ”. Analizar a figura da muller na familia e na sociedade	Traballo de investigación e exposición: Collage de mulleres defensoras dos Dereitos Humanos
3º trimestre 23 de abril 2021	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Celebrar o “ Día do libro ”. Traballar a identidade sexual e o respecto hacia as diferentes opcións. e non tolerar a violencia verbal.	Obradoiro de contos para adolescentes : “ La mitad de Juan” Ed: La Galera;; “ Maltrato sutil” Guión de Diego Jiménez (internet)
3º trimestre Mayo 2021	1º ESO	Desmitificar os roles de xenero unidos as diferentes profesións .	Actividade: “Qué quero ser de maior?”
	2º ESO	Identificar sentimentos e actitudes violentas. Identificar os sentimentos que estas situación provocan. Debatir sobre as posibles solución	Análisis de cancións : “ Lo que Ana ve” (Revolver)” “ y en tu ventana”(Andy y Lucas)
	3º ESO	Familiarizar os/as participantes de que existe un tipo de abuso chamado sexismo, pero é necesario asegurarse de que tanto os homes como as mulleres temos a oportunidade de decidir cómo somos e qué queremos de nosotros	Actividade” Homes.....mulleres.....”

		mesmos. f Ter conciencia de que é un abuso psicolóxico decirlle a alguen que é malo polo sexo ou pola sua raza	
	4º ESO	Observar un caso e comentalo. Que son casos cada día mais frecuentes e que costa moito solucionalo. f Coñecer un pouco mais os sentimentos dos dous membros da parella	Cine-forum: “ Te doy mis ojos”

Nivel de BACHARELATO:

Os alumnos de 1º e 2º de bacharelato encargaranse do “Tablón de Igualdade”

Búsqueda de noticias

Visualización de organizacións de interese (asociación, concellos, ONG...)

Promoción de Cursos de Formación

Publicitar as actividades realizadas por diferentes organismos externos e do colexio.

Actividades culturais e complementarias de todo tipo: publicacións divulgativas, carteis, cine- fórum , lecturas de libros/contos, foros de debate e discusión... etc.

Actividades de colaboración: con outros proxectos do centro (Lector, TIC, Convivencia...), e cos diferentes organismos externos da zona (Campañas de sensibilización, CIM, Concello de Cangas ; Servizos Sociais dos Concellos Cangas e Moaña; Asociacións ou ONGs e Garda Civil)

Actividades de conmemoración en datas significativas:

- Día 25 de novembro: “Contra a violencia contra a Muller”.: o curso de 6º EP participará nas actividades do concello APÚNTATE AO BO TRATO
- Nadal: “Campaña do xogo e do xoguete non sexista”.
- 30 de xaneiro: “Día da Paz”.
- 8 de marzo: “Día da Muller Traballadora”.
- Semana da Ciencia: “Mulleres na ciencia”.
- Efemérides de Personaxes, Aniversarios... “Perspectiva de xénero en cada un”
- 23 de abril: Día do libro
- Semana Cultural: día dedicado á Coeducación

Actividades xerais durante todo o curso : Murais sobre mulleres importantes na historia nos diferentes ámbitos da sociedade. Colaboración do alumnado de maior idade co de menor para fomentar o coidado aos que o necesitan, a colaboración e o sentido da responsabilidade. Proxección de películas e lecturas relativas ao tema.

Actividades coas familias: impulsar a formación e a participación das familias a través Da Escola de Pais e Nais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.se lle darán a coñecer as diferentes actividades que teñen lugar no colexio en materia de coeducación, os cauces de comunicación serán a páxina web do centro e o Consello Escolar.

Actividades de formación do profesorado: Programas de innovación educativa, fomentar dende o centro a realización de actividades formativas no ámbito da igualdade, da violencia de xénero e da diversidade afectiva- sexual e participar nas invitación dos diferentes organismos ou asociacións.

Metodoloxía:



O enfoque metodolóxico deste Plan de Igualdade será globalizador, traballando en todo momento pola igualdade e rechazando a discriminación por cuestión de sexos. Ademais, traballaremos este valor procurando que se poda desenvolver en tódalas competencias clave.

O Plan de Igualdad se traballará dende Educación Infantil (etapa na que aparecen as primeiras diferencias e a segregación por sexo) ata 2º de Bacharelato; para tratar de contrarrestar e cambiar algunhas conductas sexistas propias da herencia social, e imprimir nas novas xeracións hábitos e conductas propias de persoas educadas na liberdade e no respecto mutuo.

As diferentes actividades propostas, serán impulsadas a través das reunións do Equipo de Coordinación Pedagóxica e seguidamente difundidas as diferentes etapas, a través dos coordinadores/as. Todo o claustro deberá participar no proxecto. Se seleccionaron as actividades máis apropiadas según idades e levaranse á práctica dende a propia etapa. Con este mecanismo, garantimos a ampla difusión e participación, e a cohesión no proceso de execución do Plan. Teremos unha especial atención aos mecanismos de coordinación cos outros planes e proxectos do centro.

Tampoco podemos olvidar que a coordinación coas familias é primordial para que éstas participen nesta tarefa educativa.

6- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

AVALIACIÓN:

Levarase a cabo unha avaliación continua que permitiranos comprobar se os obxectivos planteados están sendo os adecuados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Tamén avaliaremos os seguintes indicadores:

- Se o ambiente favoreceu a expresión sana e libre dos sentimentos..
- O análise da metodoloxía proposta.
- A revisión das actividades realizadas e o nivel de implicación por parte do alumnado, país e profesorado.
- Idoniedade das actuacións programadas e dos recursos previstos para alcanzar os obxectivos.
- Os cambios de actitude dos nenos/as do noso centro: formación de grupos mixtos de maneira espontánea, colaboración por igual,...
- A eficacia dos mecanismos de coordinación cos outros planes e proxectos do centro.

MEMORIA FINAL

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, os erros cometidos, as necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

A persoa responsable en materia de Igualdade debe ser avaliada polo Claustro e o Consello Escolar, ademais tamén incluírá na memoria final do curso esta avaliación final do Plan de Igualdade e as conclusións as que se chegaron.



COLEGIO CASA DE LA VIRGEN

PLURILINGÜE CANGAS